



Actividades de VERÁN 2022



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org



INTRODUCCIÓN

Estimadas familias,

Despois de dous anos atípicos por mor da pandemia da Covid 19, este ano volvemos á normalidade en canto á organización das nosas actividades de verán.

Para este tempo de lecer, o Concello de Oleiros, a través das súas concellerías de Deportes, Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, oferta unha ampla variedade de actividades dirixidas a nenos e nenas dende os tres anos, co fin de que ao mesmo tempo que desfrutan, vivan experiencias e se acheguen a propostas de ocio distintas das que gozan durante o resto do ano.

Outro dos obxectivos desta programación de actividades de verán, é a de axudar ás familias a conciliar durante este longo período de vacacións; dende o Concello intentamos ofrecer diferentes opcións que permitan escoller a que máis se adapta a cada fogar, dende obradoiros dunha hora ou hora e media ata os campamentos de varios días.

Esperamos que a programación que lles ofrecemos resulte práctica, atractiva e educativa; dende o Concello de Oleiros traballamos con ilusión para que así sexa.

MINICAMPAMENTOS



Descrición:

Cos Minicampamentos abrimos as portas do tempo libre no medio natural para os picariños e as picariñas nados/as entre o **2018 e o 2019 Mini3**, e os **Mini5 para nados/as entre o 2017 e o 2016**.

Son campamentos en versión "mini", onde o que de verdade é grande é a diversión, as aventuras e as experiencias que axuden ao seu desenvolvemento san e á súa autonomía.

Este ano as actividades estarán relacionadas co mar e o medio mariño que nos rodea e achegarémonos ao seu mundo e algún dos animais que o habitan, lugares relacionados co mar e xeitos de vida que condicionan o que somos como un pobo atlántico e fomentando unha actitude positiva cara ao noso medio natural, ademais de educar na convivencia e no respecto aos demais, o xogo e o contacto coa natureza serán imprescindibles.

Os Minis pretenden proporcionarlle a nenos e nenas, diversión, aventuras e experiencias que favorezan a súa autonomía e os hábitos saudables. Pequenos campamentos que educan na convivencia e na socialización, nos que o xogo e o contacto coa natureza son os protagonistas.

Dous formatos distintos:

Mini 3: Son tres días de actividade sen facer noite con horario de 10:00 h a 17:00 h.

Mini 5: Neste caso o horario do campamento é de 10:00 h a 19:00 h, ata o 4º día no que teñen a posibilidade de quedarse a durmir nas tendas. O último día, son recollidos polas familias ás 13:00 h.

Destinatarios/as

Nesta experiencia poderán participar os pequenos e pequenas nados/as entre agosto de 2019 e agosto de 2016, aínda que **recomendamos os Mini 3** para nados/as entre **xullo de 2018 e agosto de 2019**, e os **Mini 5** entre **xullo de 2016 e agosto de 2017**.

Obxectivos:

- Aprender xogando.
- Fomentar a convivencia e o respecto mutuo, a través de actividades colectivas.
- Achegarse ao coñecemento do seu contorno máis próximo.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar en hábitos de alimentación saudable.

Temporalización:

As actividades terán lugar no CEIP Isidro Parga Pondal, Sta. Cruz de Liáns.

- **Mini3: Centolas marolas**
do 1 ao 3 de agosto (25 prazas)
- **Mini5: Zamburiñas riquiñas**
do 8 ao 12 de agosto (25 prazas)
- **Mini5: Ourizos pinchóns**
do 29 de agosto ao 2 de setembro (25 prazas)



CAMPAMENTOS



Descrición:

A evolución lóxica dos Minicampamentos que corresponde ao nivel de maduración dos/as cativos/as, son os campamentos e excursións curtas para nenos e nenas nados/as entre 2015 e 2012. Avanzamos na adquisición de hábitos saudables e na diversión colectiva. Os grandes xogos, a convivencia e as actividades relacionadas coa avifauna e o mar en Galicia, favorecendo o seu coñecemento e conservación en permanente contacto coa natureza, serán o cerne dos "campas".

Horario:

1º e 2º día: de 10:00 h a 19:00 h.

3º e 4º día: completos, facendo noite nas tendas.

5º día: recollidos polas familias ás 13:00 h.

Destinatarios/as:

Nesta experiencia poderán participar os nenos e nenas nados/as entre os anos 2015 e 2012.

Obxectivos:

- Ofrecer alternativas divertidas e saudables ao tempo libre dos nenos e das nenas.
- Educar para a convivencia, a cooperación e o respecto cos/cas compañeiros/as.
- Investigar sobre os valores naturais e histórico-artísticos do medio inmediato.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.

Temporalización:

As actividades terán lugar no CEIP Isidro Parga Pondal, Sta. Cruz de Liáns.

Campamento Punta do Corvo:
do 25 ao 29 de xullo (30 prazas)

Campamento Illa do Castelo:
do 22 ao 26 de agosto (30 prazas)



EXCURSIONS DE VERÁN



Descrición:

Despois de que os nenos e as nenas gozasen de actividades preto da súa contorna (minicampamentos e campamentos), propoñemos a posibilidade de participar en dúas excursións a fermosos espazos naturais, para que coñezan lugares espectaculares e de grande interese ambiental onde vivir aventuras inesquecibles.

Así pois, aos nenos e ás nenas que naceron entre o ano 2015 e o 2012, propoñémoslles un destino clásico nas nosas programacións, as **Fragas do Eume**, un dos bosques atlánticos mellor conservados de toda Europa moi preto da nosa casa, e nun dos equipamentos máis interesantes de Galicia, o **albergue Alvarella**.

Para os mozos e mozas que naceron entre o ano 2011 e 2008, propoñemos a excursión **Mar de Lira - Carnota**, onde terán a oportunidade de achegarse á costa de Muros, Carnota, Lira... como lugar máxico e de lendas..., e vilas mariñeiras onde o contacto coas súas xentes e paisaxes, sempre é

lembrado cun sorriso. Unha forma diferente de gozar dun anaco de costa das máis fermosas do mundo...

Destinatarios/as:

Para Mar de Lira poden inscribirse rapaces e rapazas que nacesen entre o ano 2011 e o ano 2008. Para os/as que nacesen entre o ano 2015 e o ano 2012, propoñemos unha excursión moi preto de nós: ás Fragas do Eume.

Obxectivos:

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, xeográfico e cultural das comarcas visitadas.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo.
- Ofrecer novos xeitos de aprender en contacto directo co medio.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.

Temporalización:

- Se naciches entre o ano **2011 e o 2008**:
Excursión Mar de Lira - Carnota
11 ao 15 de xullo (27 prazas).
- Se naciches entre o ano **2015 e o 2012**:
Excursión Fragas do Eume
17 ao 19 de agosto (40 prazas).



HORTAS NO VERÁN



Descrición:

Despois de case dúas décadas desenvolvendo o programa de Hortas Escolares, estamos convencidos todos os axentes educadores que participamos nel, que a horta constitúe un gran xacemento de recursos educativos. O seu potencial vén dado pola riqueza de temáticas que se poden tratar na súa realización, con multitude de experiencias e vivencias, contidos pedagóxicos (conceptos, procedementos, actitudes, valores) e a forza de conexión co medio natural e social do medio máis próximo.

Non se trata dunha parcela na que cultivamos tomates ou leitugas, senón que debemos entendelo como un espazo no que imos tratar unha serie de contidos encaixados a desenvolver as capacidades dos nenos e das nenas.

Por outra banda, o gran número de recursos didácticos que suxire o traballo ao aire libre, ver como medran as plantas grazas ao noso traballo... son razóns suficientes para realizar esta actividade que constitúe un recurso educativo moi interesante. Ademais este ano faremos unha visita ao mercado de Perillo para aprender algo máis da horta e a alimentación saudable.

Destinatarios/as:

Nenos e nenas entre xullo de 2016 e xullo de 2019

Obxectivos:

- Desenvolver capacidades de exploración e investigación na horta.
- Familiarizarse co mundo das verduras, hortalizas, legumes... estimulando un achegamento afectivo e positivo.
- Estimular a iniciativa e a autonomía dos/as picariños/as nas tarefas da hortiña.
- Coñecer o proceso de sementeira, plantación e coidados posteriores, básicos na horta.
- Estimular a afectividade cara ao consumo dos produtos comestibles que nos proporciona a horta.

Temporalización:

- **Primeira quenda:**
do 4 ao 15 de xullo, de luns a venres.
- **Segunda quenda:**
do 1 ao 12 de agosto, de luns a venres.

Horario:

Primeira quenda:

CEIP R. M^a del Valle-Inclán:
12:00 h – 13:00 h (20 prazas)

Segunda quenda:

CEIP R. M^a del Valle-Inclán:
12:00 h – 13:00 h (20 prazas)



FESTAS "ALGO GUAPO"



Descrición:

Esta actividade supón unha oportunidade para todos os rapaces e rapazas que participaron nos campamentos, excursións e hortas de verán de reencontrarse nun contexto festivo, de lembrar as súas aventuras estivais.

Durante dúas tardes de sábados teremos unha proxección audiovisual coas mellores imaxes do verán, unha actuación artística e unha pequena merenda de convivencia.

Destinatarios/as:

Nesta actividade poderán participar todos os rapaces e rapazas que participaron na programación de verán do Servizo Municipal de Educación.

Obxectivos:

- Reforzar os lazos afectivos entre as persoas participantes.
- Promover a convivencia e o respecto entre a veciñanza.
- Fomentar actitudes sas no uso do tempo libre.
- Entreter e divertir as persoas participantes durante unha tarde de setembro.

Temporalización:

Cada festa Algo Guapo celebrarase no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo na urbanización Os Regos e comprende unha tarde de sábado da seguinte forma:

- Para os rapaces e as rapazas de **Campamentos e Excursións**, o **10 de setembro** de 17:00 h a 19:00 h.
- Para os rapaces e as rapazas de **Mini 3 e Mini 5 e as Hortas de verán**, o **3 de setembro** de 17:00 h a 19:00 h.

Nota: Non hai limitacións de prazas, nin custo.



REUNIÓN INFORMATIVA PARA MINIS DE VERÁN 2022 DO SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN PARA AS FAMILIAS

Coa intención de facilitar ás familias que participan por primeira vez calquera información relativa ás actividades anteriormente descritas sobre: desenvolvemento, programación, material, horarios, educadores/as, seguros, transporte, alimentación, actividades..., está programada a seguinte reunión no Auditorio do Centro Cultural A Fábrica en Sta. Cristina

- **Mini 3 e Mini 5:** xoves 14 de xuño ás 20:15 h.

Se algunha familia precisase información puntual sobre: Hortas de Verán, como Campamentos e Excursións (Mar de Lira e Fragas do Eume) poden solicitala no correo ensino@oleiros.org.



AULAS DE VERÁN CEMAE 2022 DANZA CLÁSICA



Descrición:

As Aulas de Verán constitúen un proxecto educativo que pretende abrir e dar a coñecer a Escola Municipal de Danza, ofertando obradoiros de danza, dramatización, expresión corporal e outras manifestacións artísticas a través da actividade lúdica, promocionando as artes escénicas como unha actividade máis dentro do tempo de lecer da infancia e da xuventude.

Obxectivos:

- Concienciar as persoas participantes do papel da danza como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais das persoas participantes por medio de actividades como a danza, a dramatización, a expresión corporal e a plástica.
- Enriquecer a nosa linguaxe corporal.
- Desenvolver a creatividade e fomentar o coñecemento e apreciación da danza iniciando os rapaces e rapazas desde os primeiros anos na súa aprendizaxe.

Destinatarios/as:

Alumnado de formación media e avanzado en danza clásica.

Lugar e actividades:

Todas as actividades serán planificadas e desenvolvidas por profesorado especializado e supervisadas pola Dirección da EMDO. Realízanse, na súa totalidade, nas instalacións do Centro Municipal de Artes Escénicas de Oleiros.

A distribución das actividades e a carga horaria variarán en función do nivel formativo do alumnado:

De maneira xeral, as actividades desenvolvidas por cada un dos grupos serán as seguintes:

Grupo Nivel Iniciación en danza clásica: dirixido a nenos e nenas nados/as nos anos 2013, 2012 e 2011 con ou sen experiencia previa.

- 10:00 - 11:30 Técnica de ballet clásico
- 11:30 - 12:30 Lyrical jazz/repertorio

Grupo Nivel Intermedio en danza clásica: está dirixido ao alumnado nado nos anos 2010, 2009 e 2008 con algo de experiencia previa en danza clásica.

- 10:00 - 11:45 Contemporáneo/Lyrical jazz
- 11:45 - 12:30 Puntas
- 12:30 - 14:00 Danza clásica

Grupo nivel avanzado en danza clásica: está dirixido a alumnos e alumnas de danza clásica de nivel avanzado.

- 10:00 - 11:30 Técnica danza clásica
- 11:30 - 12:15 Puntas
- 12:15 - 14:00 Repertorio/Lyrical jazz/temporáneo

Temporalización:

- **Quenda I:**
do luns 4 ao venres 8 de xullo
- **Quenda II:**
do luns 11 ao venres 15 de xullo

Prazas:

As aulas de verán están deseñadas para 20 participantes máximo por grupo.

AULAS DE VERÁN CEMAE 2022 DANZAS URBANAS



Descrición:

Aulas de Verán de Danzas Urbanas é un proxecto co que pretendemos promover a actividade lúdica cunha orientación educativa, a través da danza e outras manifestacións artísticas. Decantámonos por unha educación baseada nunha relación de igualdade, cooperación entre os/as participantes e a aprendizaxe de valores, habilidades, actitudes, conceptos...

Obxectivos:

- Coñecer e experimentar os distintos estilos as súas diferentes modalidades e historia.
- Concienciar as persoas participantes do papel da danza como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais dos/as participantes.
- Enriquecer a nosa linguaxe corporal.
- Desenvolver a creatividade e fomentar o coñecemento e apreciación da danza.

Contidos:

Desenvolveranse as técnicas básicas de cada modalidade e coñecendo algo da súa historia do hip hop, popping e locking, breaking, jazz funk, house dance...

Lugar e actividades:

Realízanse, na súa totalidade, nas instalacións do Centro Municipal de Artes Escénicas de Oleiros.

As actividades para cada un dos grupos serán as seguintes:

- **Grupo Iniciación:** Waacking, Jazz Funk, Hip Hop
- **Grupo Intermedio:** Waacking, Hip Hop New School, Hip Hop Old School, Jazz Funk
- **Grupo Avanzado:** Waacking, Hip Hop Contemporáneo, Jazz Funk

Temporalización:

- **Quenda I:**
do luns 4 ao venres 8 de xullo
- **Quenda II:**
do luns 11 ao venres 15 de xullo

Horarios:

- **Iniciación:** de 10:00 a 11:00 h
Dirixido a nenos e nenas dos anos 2013, 2012 e 2011, con ou sen experiencia previa.
- **Intermedio:** de 11:00 a 12:30 h
Dirixido ao alumnado de 2010, 2009 e 2008, con experiencia previa.
- **Avanzado:** de 12:30 a 14:00 h
Para participantes de 2007 e anteriores, con experiencia previa.

Prazas:

As aulas de verán están deseñadas para 20 participantes máximo por grupo.



AULAS DE VERÁN CEMAE 2022 TEATRO



Descrición:

O campamento infantil e xuvenil é un proxecto co que pretendemos promover a actividade lúdica cunha orientación educativa, a través do teatro e outras manifestacións artísticas.

Nace co obxectivo de continuar co traballo desenvolvido, ao longo do curso, na EMUTO e promocionar o teatro como un elemento máis dentro do tempo de lecer dos nenos/as e mozos/as do noso Concello.

Utilizaremos o xogo como ferramenta para o desenvolvemento da expresión do alumnado, de forma dinámica e activa. Favorecendo a expresión corporal e oral, coa intención de dotalos dos recursos básicos interpretativos para iniciarse na práctica teatral.

Obxectivos:

- Concienciar as persoas participantes do papel do teatro e as artes escénicas, como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través da música e o movemento.
- Adquirir coñecementos teóricos e prácticos en relación co teatro.
- Potenciar habilidades sociais, afectivas, favorecer a relacionarse con outros nenos e nenas.
- Ter capacidade de improvisación, vencer medos escénicos, perder a timidez.

Contidos:

- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Xogos de presentación, de desinhibición e de equipo.
- Xogos e actividades de expresión corporal e oral.

- Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.
- Actividades e xogos de dramatización (improvisacións, contos, cancións...)

Lugar e actividades:

Todas as actividades serán planificadas e desenvolvidas por profesorado especializado e supervisadas pola Dirección da EMUTO. Realízanse, na súa totalidade, nas instalacións do Centro Municipal de Artes Escénicas de Oleiros.

Temporalización:

- **Quenda I:**
do luns 4 ao venres 8 de xullo
- **Quenda II:**
do luns 11 ao venres 15 de xullo

Horarios:

- **Iniciación:** Dirixido a nenos e nenas nados/as entre 2013 e 2010 con ou sen experiencia previa.
Horario: de 10:00 a 12:00 h
- **Avanzado:** Dirixido a nenos e nenas nados/as entre [redacted] entre 2009 e 2005, con ou sen experiencia previa
Horario: de 12:00 a 14:00 h

Prazas:

As aulas de verán de teatro están deseñadas para 15 participantes máximo por grupo.



INFORMACIÓN

Sobre actividades de Verán da Área de XUVENTUDE

As Casas da Mocidade de Oleiros, sitas:

rúa Daniel Castelao, núm. 5
(Santa Cruz)

Casa Portaberta
na Avda. Rosalía de Castro, núm. 114 (Perillo)

Casa As Pedras

ofertarán actividades ao longo de todo o verán dirixidas aos mozos e mozas de entre 14 e 30 anos (ambos inclusive).

Para obter máis información poden acudir a:

Instagram: @centrosmocidadeoleiros

Web: <https://centrosmocidadeoleiros.wordpress.com>

Correo electrónico: pix.portaberta@gmail.com / pix.aspedras@gmail.com

Teléfonos:

981 614 083 (Portaberta, Santa Cruz) / 981 977 944 (As Pedras, Perillo)



Kaiak en Santa Cruz



Descrición:

Orientada fundamentalmente ao aspecto recreativo, a través das actividades en kaiak de mar. A súa distribución será en cursos intensivos de 5 sesións cada un (10 horas). En cada curso ofertaranse 12 prazas. (Obrigatorio saber nadar)

Medidas preventivas COVID-19:

Cumprirse a normativa sanitaria COVID en vigor no momento de comezar a actividade.

Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre 2008 e 2012.

Obxectivos:

- Aproveitar e gozar do tempo de lecer en contacto co medio natural.
- Aprender a realizar as manobras de control e seguridade na embarcación.
- Aproveitar os valores que transmite o deporte: desenvolvemento das capacidades físicas e motrices, disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade e a tolerancia.
- Coñecer as normas fundamentais de seguridade sobre a piragua e prevención de riscos.
- Coñecer a praia de Santa Cruz e a súa contorna costeira, procurar a súa conservación e respecto.

Lugar de realización:

Esta actividade realizarase nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz, situadas debaixo da pasarela de acceso ao castelo.

Convén levar:

Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chancletas ou escafpíns e toalla.

Temporalización:

Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres, en horario de 11:30 a 13:30 horas. Realizaranse un total de 7 quendas durante o verán nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz.

- **1ª quenda:** do 27 de xuño ao 1 de xullo
- **2ª quenda:** do 4 ao 8 de xullo
- **3ª quenda:** do 11 ao 15 de xullo
- **4ª quenda:** do 18 ao 22 de xullo
- **5ª quenda:** do 1 ao 5 de agosto
- **6ª quenda:** do 8 ao 12 de agosto
- **7ª quenda:** do 22 ao 26 de agosto



SURF en Bastiagueiro



Descrición:

Cursos de iniciación ao surf de 10 horas cada un, de luns a venres de 12:00 a 14:00 h.

O Concello achegará o material necesario (táboas e traxes). En cada curso ofertaranse 12 prazas. (Obrigatorio saber nadar).

Medidas preventivas COVID-19:

Cumprirase a normativa sanitaria COVID en vigor no momento de comezar a actividade.

Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre 2005 e 2008.

Obxectivos:

- Destacar na práctica diaria o factor lúdico. A diversión debe ser prioritaria para crear afección e gusto pola actividade deportiva.
- Experimentar un xeito de mellorar as capacidades condicionais de forza, resistencia, coordinación, equilibrio e flexibilidade.
- Dar as ferramentas elementais para que ao remate do curso o alumnado adquira as nocións básicas do surf, así como o seu material e manexo.

- Coñecer a praia de Bastiagueiro (formación de olas, correntes...) normas de seguridade, riscos e precaucións.
- Educar na consecución de hábitos de conservación e respecto do medio ambiente.

Lugar de realización:

Na instalación náutica da praia de Bastiagueiro.

Convén levar:

Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chanquetas e toalla.

Temporalización:

- **1ª quenda:** do 27 de xuño ao 1 de xullo
- **2ª quenda:** do 4 ao 8 de xullo
- **3ª quenda:** do 18 ao 22 de xullo
- **4ª quenda:** do 1 ao 5 de agosto



CAMPUS DEPORTE



Descrición:

As actividades incluídas nos campus de deporte pretenden aproveitar a recreación deportiva como ferramenta na ocupación do tempo de lecer, así como descubrir e dar a coñecer actividades e instalacións con posibilidades de práctica dentro do noso concello e contorna. Cada campus durará unha semana e ofertará ata 20 prazas cada un. **O horario habitual será de luns a venres, de 10:00 a 14:00 horas.**

É obrigatorio saber nadar.

Pregamos puntualidade á hora de deixar e recoller os/as participantes, tanto nas paradas do bus como no propio pavillón.

Medidas preventivas COVID-19:

Cumprirase a normativa sanitaria COVID en vigor no momento de comezar a actividade.

Lugar de realización:

O punto de encontro será o pavillón polideportivo municipal de Bastiagueiro situado na rúa Uxío Novoneyra s/n, Bastiagueiro-Liáns (GPS: N 43º 20' 23" W 8º 21' 02"); desde alí, e segundo o programa diario, desprazarase ás persoas participantes en autobús ata o lugar da actividade.

Transporte:

Realizarase un percorrido de autobús polo termo municipal de Oleiros para recoller os/as alumnos/as e deixalos posteriormente nas paradas agás no campus Encoro da Fervenza (nas xornadas con chegada de tarde o bus non fará o percorrido, a recollida será no pavillón). É obrigatorio especificar na inscrición, da maneira máis

precisa posible, o lugar da parada que se solicita, tanto de ida como de volta. O transporte conta con servizo de acompañante. **É obrigatorio ir con máscara.**

A listaxe cos horarios e paradas de autobús será enviada ao correo electrónico facilitado na inscrición e tamén poderá ser consultada no Servizo Municipal de Deportes o xoves anterior ao comezo de cada campus.

Recomendacións:

Como norma xeral para as actividades deportivas é necesario vestir roupa deportiva e cómoda, tamén é recomendable traer crema solar e gorra.

A media mañá faremos un pequeno descanso para repoñer forzas polo que é aconsellable traer algo para comer (por exemplo unha peza de froita e auga).

Convén levar:

- Unha mochila pequena para gardar unha botella de auga e outras cousas, recomendamos mochila pequena de sendeirismo que non sexa de cordóns.
- Calzado pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades deportivas.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- **Gorriña** ou pucho para o sol.
- **Botella de auga** e peza de froita.
- **Crema protectora** para as/os nenas/os.
- Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chancletas e toalla nas sesións de **surf** e **piragua**.

CAMPUS DEPORTE

PARA NACIDOS/AS EN 2015 E 2016



Campus Deporte 2015-2016 do 27 de xuño ao 1 de xullo

Luns: xogos deportivos

Martes: orientación e parkour

Mércores: xogos de loita musicais e xincana deportiva na praia

Xoves: escalada e xogos de auga

Venres: olimpíadas alternativas na praia

DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES:

Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas sen contacto nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

Orientación

Iniciación á orientación deportiva onde poderán manexarse co mapa. Faremos unha pequena carreira de orientación onde poderemos coñecer as balizas e pinzas propias deste deporte.

Parkour

Actividade consistente en desprazarse dun punto a outro, superando os obstáculos existentes. Practicaremos os movementos básicos de desprazamentos e saltos buscando fluidez e orixinalidade.

Xogos de loita musicais

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica das habilidades básicas de loita coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.

Xincana deportiva

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas participarán en circuitos de habilidades mediante probas por equipos (evitando o contacto).

Escalada deportiva


Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro. Será obrigatorio o uso de máscara.

Xogos de auga

Diferentes xogos por equipos con globos de auga. As/os participantes deberán traer roupa de cambio para poder cambiar a roupa mollada nestes xogos.

Olimpíadas alternativas

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas poderán competir entre grupos en deportes tradicionais coñecidos pero adaptados para as súas idades, moito máis motivadores e sen contacto físico.



CAMPUS DEPORTE

PARA NACIDOS/AS EN 2013 E 2014



Campus Deporte
2013-2014 do 4 ao 8 de xullo

Campus Deporte
2013-2014 do 1 ao 5 de agosto

Luns: xogos deportivos

Martes: orientación e parkour
Orientación-sendeirismo en Dexo

Mércores: xogos de loita musicais
e xincana deportiva na praia

Xoves: escalada e xogos de auga

Venres: olimpíadas alternativas
na praia

DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES:

Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas sen contacto nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

Orientación

Iniciación á orientación deportiva onde poderán manexarse co mapa. Faremos unha pequena carreira de orientación onde poderemos coñecer as balizas e pinzas propias deste deporte.

Parkour

Actividade consistente en desprazarse dun punto a outro, superando os obstáculos existentes. Practicaremos os movementos básicos de desprazamentos e saltos buscando fluidez e orixinalidade.

Xogos de loita musicais

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica das habilidades básicas de loita coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.

Xincana deportiva

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas participarán en circuitos de habilidades mediante probas por equipos (evitando o contacto).

Escalada deportiva


Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro. Será obrigatorio o uso de máscara.

Xogos de auga

Diferentes xogos por equipos con globos de auga. As/os participantes deberán traer roupa de cambio para poder cambiar a roupa mollada nestes xogos.

Olimpíadas alternativas

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas poderán competir entre grupos en deportes tradicionais coñecidos pero adaptados para as súas idades, moito máis motivadores e sen contacto físico.



CAMPUS DEPORTE

PARA NACIDOS/AS EN 2011 E 2012



Campus Deporte 2011-2012
do 11 ao 15 de xullo

Campus Deporte 2011-2012
do 8 ao 12 agosto

Luns: xogos deportivos

Martes: paddle surf
e xogos musicais de loita

Mércores: ruta en bicicleta

Xoves: ruta de sendeirismo e ruta en
piragua (chegada ás 18:00 h
ao pavillón sen paradas)

Venres: surf e rugby na praia

DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES:

Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

Paddle surf

Dotaremos dos coñecementos básicos do paddle surf: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Inicio a navegación básica, vento e correntes. A actividade será na praia de Santa Cristina.

Xogos de loita musicais

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica das habilidades básicas de loita (sen contacto) coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.

Ruta en bicicleta

Aproveitaremos a contorna do pavillón de Bastiagueiro para facer unha ruta en bicicleta (polo carril bici). As/os participantes deberán achegar a súa propia bicicleta e casco. Recomendamos traer guantes.

Sendeirismo e piragua no Mandeo


Faremos unha pequena ruta de sendeirismo nas proximidades do río Mandeo, pararemos a comer co que leven os mozos/as e a continuación montaremos nas piraguas ata o porto de Betanzos. Facilitaremos todo o material necesario previamente desinfectado para o uso individual: piraguas, palas e chalecos. Será necesario traer o seguinte material: camiseta ou lycra de cambio, traxe de baño, chancletas e toalla. A chegada será aproximadamente ás 18:00 h no pavillón e non teremos servizo de reparto nas paradas.

Surf

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Facilitaremos todo o material necesario previamente desinfectado para o uso individual: táboas de surf, traxes e lycras, aínda que se ten material propio pode levalo. Será necesario traer o seguinte material: traxe de baño, chancletas e toalla.

Rugby

Actividade a realizar na praia de Bastiagueiro. Iniciaremos as persoas participantes na práctica do rugby sen contacto adaptado para o xogo na praia.



CAMPUS DEPORTE ENCORO da FERVENZA PARA NACIDOS/AS ENTRE 2009 e 2010



Do 18 ao 22 de xullo

Luns: saída ás 10:00 desde o pavillón de Bastiagueiro, viaxe ao albergue do encoro da Fervenza, ruta en piragua

Martes: ruta de sendeirismo, tiro con arco e iniciación ao rapel

Mércores: ruta en bicicleta e escalada en torre exterior

Xoves: tirolina, baño no embalse e xogos acuáticos

Venres: actividade sorpresa e regreso aproximado ás 18:00 h no pavillón de Bastiagueiro

** en función da metereoloxía podería haber algún troco no programa de actividades*

Coa finalidade de ofrecer máis información sobre esta actividade realizaremos unha reunión informativa o luns 11 de xullo ás 20:30 h no auditorio da Fábrica.

DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES:

Piragua

Paseo en piragua autobaleirable polas augas do encoro da Fervenza. Material desinfectado previamente e de uso individual.

Ruta de sendeirismo

Ruta de sendeirismo polo arredores do encoro da Fervenza.

Tiro con arco

Práctica deste deporte na instalación cuberta preparada para este fin. Deporte de precisión por excelencia no que desenvolver a concentración e a paciencia. Material desinfectado previamente e de uso individual.

Ruta en bicicleta

Pequena ruta en bicicleta polo contorno do albergue de nivel sinxelo.

Escalada en torre exterior

Coñecementos básicos de escalada en rocódromo: materiais a utilizar (têxtil e duro), nós, implementos, colocación de arnés, características e normas de seguridade. A actividade terá lugar no rocódromo da torre exterior de 12 m de altura.

Tirolina

Tirolina con máis de 300 metros de longo á que se chega tras unha pequena camiña e que dispón dunhas magníficas vistas do encoro da Fervenza.

Material recomendable:

- Material de **aseo** (xel, peite, xampú, 2 toallas, chanquetas para a ducha, pasta de dentes e cepillo e muda de roupa)
- Unha **mochila** pequena para gardar unha botella de auga e outros obxectos persoais que precise levar (recomendamos que a mochila **non sexa de cordóns**).
- **Calzado** pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades deportivas.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- **Botella de auga ou cantimplora**
- **Traxe de baño e escafpíns (se os teñen)**
- **Crema protectora e gorriña** ou pucho para o sol.
- **Chuvasqueiro** por se chove.
- **Saco** de durmir, pixama e lanterna.
- **Bolsa** para gardar roupa sucia.
- **Recomendamos non levar teléfono móbil.**
En caso de levalo, deben entregarllo aos monitores ou monitoras antes de subir ao autobús. Só poderán facer uso del cada día entre ás 20:30 e ás 21:00 h.
- Libro de lectura.

CAMPUS DEPORTE ENCORO da FERVENZA PARA NACIDOS/AS ENTRE 2007 e 2008



Do 22 ao 26 de agosto

Luns: saída ás 10:00 desde o pavillón de Bastiagueiro, viaxe ao albergue do encoro da Fervenza, ruta en piragua

Martes: ruta de sendeirismo, tiro con arco e iniciación ao rapel

Mércores: ruta en bicicleta e escalada en torre exterior

Xoves: tirolina, baño no embalse e xogos acuáticos

Venres: actividade sorpresa e regreso aproximado ás 18:00 h no pavillón de Bastiagueiro

** en función da metereoloxía podería haber algún troco no programa de actividades*

Coa finalidade de ofrecer máis información sobre esta actividade realizaremos unha reunión informativa o luns 11 de xullo ás 20:30 h no auditorio da Fábrica.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

Piragua

Paseo en piragua autobaleirable polas augas do encoro da Fervenza. Material desinfectado previamente e de uso individual.

Ruta de sendeirismo

Ruta de sendeirismo polo arredores do encoro da Fervenza.

Tiro con arco

Práctica deste deporte na instalación cuberta preparada para este fin. Deporte de precisión por excelencia no que desenvolver a concentración e a paciencia. Material desinfectado previamente e de uso individual.

Ruta en bicicleta

Pequena ruta en bicicleta polo contorno do albergue de nivel sinxelo.

Escalada en torre exterior

Coñecementos básicos de escalada en rocódromo: materiais a utilizar (téxtil e duro), nós, implementos, colocación de arnés, características e normas de seguridade. A actividade terá lugar no rocódromo da torre exterior de 12 m de altura.

Tirolina

Tirolina con máis de 300 metros de longo á que se chega tras unha pequena camiñada e que dispón dunhas magníficas vistas do encoro da Fervenza.

Material recomendable:

- Material de **aseo** (xel, peite, xampú, 2 toallas, chancletas para a ducha, pasta de dentes e cepillo e muda de roupa)
- Unha **mochila** pequena para gardar unha botella de auga e outros obxectos persoais que precise levar (recomendamos que a mochila **non sexa de cordóns**).
- **Calzado** pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades deportivas.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- **Botella de auga ou cantimplora**
- **Traxe de baño e escafpíns (se os teñen)**
- **Crema protectora e gorriña** ou pucho para o sol.
- **Chuvasqueiro** por se chove.
- **Saco** de durmir, pixama e lanterna.
- **Bolsa** para gardar roupa sucia.
- **Recomendamos non levar teléfono móbil.** En caso de levalo, deben entregarllo aos monitores ou monitoras antes de subir ao autobús. Só poderán facer uso del cada día entre ás 20:30 e ás 21:00 h.
- Libro de lectura.

OBRAIDOIRO de ARTES PLÁSTICAS



Descrición:

Un obradoiro de artes plásticas no que o papel, as pinturas e o barro, entre outros materiais, convértense en elementos que axudan a espertar a sensibilidade artística nos máis pequenos/as ao tempo que pasan un tempo agradable con outros nenos e nenas da súa idade. Unha oportunidade de aproveitamento de forma lúdica e creativa do tempo de lecer.

Obxectivos:

Achegar os nenos e nenas a diversos materiais para que a través deles se expresen e ao mesmo tempo aprendan algunhas técnicas básicas para o seu manexo son algúns dos obxectivos deste obradoiro de verán. Xogar cos volumes, as proporcións, a textura e as cores dos distintos materiais utilizados e agudizar as percepcións son outros dos obxectivos perseguidos.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2010 e 2015. 15 participantes por cada quenda.

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

Meses de xullo e agosto. Son seis quendas de **dez sesións cada unha**, cunha duración por sesión de 10:00 a 11:45 horas e de 12:15 a 14:00 horas

Mes de xullo:

Do 1 ao 14:

quenda I: de 10:00 a 11:45 h

quenda II: de 12:15 a 14:00 h

Do 15 ao 29:

quenda III: de 10:00 a 11:45 h

quenda IV: de 12:15 a 14:00 h

Mes de agosto:

Do 1 ao 12:

quenda V: de 10:00 a 11:45 h

quenda VI: de 12:15 a 14:00 h



OBRADOIRO de TEATRO infantil



Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación ao xogo teatral no que os nenos e nenas tomarán contacto co xogo físico teatral, cos xogos de relación e a creación de personaxes, o coñecemento do espazo escénico e os diferentes estilos teatrais de actuación.

Obxectivos:

Mediante a realización de xogos e actividades, preténdese desenvolver a expresión corporal e verbal, estimular a creatividade e a imaxinación e aprender a colaborar co grupo nun ambiente lúdico e distendido de ocio creativo, mellorando a autoestima, a confianza e a socialización.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2010 e 2015. 15 prazas por cada quenda.

Lugar de realización:

Teatro As Torres (Santa Cruz)

Temporalización:

10 sesións por quenda

1ª quenda:

do 1 ao 14 de xullo

de 10:30 a 12:00 h

2ª quenda:

do 1 ao 12 de agosto

de 10:30 a 12:00 h



ObRadoiro de Teatro XUVENIL



Descrición:

Obradoiro dirixido a rapaces e rapazas que se inician no teatro ou que xa teñen certa experiencia e no que se inclúe xogo físico teatral, xogos de relación e a creación de personaxes, coñecemento do espazo escénico e diferentes estilos teatrais de actuación.

Obxectivos:

Utilizando distintas técnicas teatrais, buscarase que o alumnado descubra o maior número posible de ferramentas que comprende o traballo teatral. Para acadar este obxectivo, traballarase a expresión corporal e oral, a colocación no escenario, a manifestación de sentimentos, a improvisación e moitas outras técnicas. Tamén se procurará que o alumnado se acostume a traballar en equipo, aceptando as ideas alleas e aprendendo a expoñer e defender as propias para poder chegar a un consenso e así crear distintas escenas de forma colectiva. O obxectivo final é que o alumnado estimule a creatividade, mellore a autoestima e a confianza e adquira certas habilidades necesarias para poder representar unha pequena improvisación.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2004 e 2009. 15 prazas por cada quenda.

Lugar de realización:

Teatro As Torres (Santa Cruz)

Temporalización:

10 sesións por quenda

1ª quenda:

Do 1 ao 14 de xullo

de 12:00 a 13:30 horas

2ª quenda:

Do 1 ao 12 de agosto

de 12:00 a 13:30 horas



ObRadoiro de Olería Infantil



Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación nas técnicas básicas da olería artesanal.

Obxectivos:

O obxectivo principal é o achegamento lúdico á olería artesanal mediante diferentes técnicas tradicionais co fin de compoñer cada un as súas propias pezas. Búscase fomentar a creatividade infantil a través dun oficio tradicional como o da olería para pór en valor a artesanía feita a man.

Os nenos e nenas participantes iniciaranse no torno de olería co fin de aprender a dar forma ás pezas a través deste. Ademais, tamén se aprenderá a dar forma a pezas mediante outras técnicas como son churros ou pranchas de barro. Xunto con iso, tamén se amosarán técnicas de amasado, modelado, decoración ou esmaltado, entre outras.

Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados/as entre 2010 e 2015. 15 prazas en cada quenda.

Lugar de realización:

Alfar das Torres (Santa Cruz)

Temporalización:

10 sesións por quenda

1ª quenda:

Do 1 ao 14 de xullo

de 12:00 a 13:30 horas

2ª quenda:

Do 1 ao 12 de agosto

de 12:00 a 13:30 horas



OBRADOIRO de OLERÍA XUVENIL



Descrición:

Obradoiro xuvenil de iniciación nas técnicas básicas da olería artesanal e traballo con torno.

Obxectivos:

O obxectivo principal é o achegamento lúdico á olería artesanal mediante diferentes técnicas tradicionais co fin de compoñer cada un as súas propias pezas. Búscase fomentar a creatividade xuvenil, a través dun oficio tradicional como o da olería para pór en valor a artesanía feita a man. A xuventude participante iniciárase no torno de olería co fin de aprender a dar forma ás pezas a través deste. Ademais, tamén se aprenderán a dar forma a pezas mediante outras técnicas como son churros ou pranchas de barro. Xunto con iso, tamén se amosarán técnicas de amasado, modelado, decoración ou esmaltado, entre outras.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2004 e 2009. 15 prazas por cada quenda.

Lugar de realización:

Alfar das Torres (Santa Cruz)

Temporalización:

10 sesións por quenda

1ª quenda:

Do 1 ao 14 de xullo

de 10:30 a 12:00 h

2ª quenda:

Do 1 ao 12 de agosto

de 10:30 a 12:00 h



Obreiroiro de SCRAPBOOKING OU encadernación decorada

Descrición:

Scrapbook significa, literalmente, libro de recortes, e consiste en preservar as túas fotos e lembranzas dunha forma creativa. Orixinalmente, o soporte para facer isto eran os álbums de fotos, pero hoxe en día non só se fan álbums, senón máis cousas. O scrapbooking non é unha técnica en si, senón que agrupa un conxunto de técnicas moi diversas, nas que se usan infinidade de materiais distintos.

Obxectivos:

Podería dicirse que no scrapbooking non hai normas e que cabe absolutamente todo. Podes usar tanto material específico de scrapbooking como todo o que se che ocorra ou que te atopes por casa: pinturas, botóns, teas, cintas... Faranse varios proxectos, utilizando papeis, recortes e distintos materiais. Para iso empregaremos distintos métodos de encadernación.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2010 e 2015 (15 prazas).

Lugar de realización:

Centro Cívico de Santa Cruz

Temporalización:

10 sesións

Do 15 ao 29 de xullo

de 10:30 a 12:00 horas



ObRadoiro de ILUstración e Banda Deseñada



Descrición:

A ilustración e a banda deseñada constitúen dous elementos fundamentais na formación artística e expresiva dos máis pequenos, aínda máis cando o sistema educativo amosa lagoas importantes neste eido. O enfoque desta experiencia radica no/a neno/a: deseñamos personaxes para reflexionar sobre o aspecto e a psicoloxía das persoas, mergullámonos no debuxo de personaxes históricos para coñecer mellor o noso pasado, realizamos murais grupais para practicar o traballo cooperativo, ou aprendemos nocións sobre cómic para abrir o noso espectro de lectores en diante.

Obxectivos:

Esta proposta de obradoiros persegue, seguindo a estela do pedagogo Gianni Rodari, a expresión dos nenos e nenas, por riba das aspiracións estéticas e artísticas, que veñen moitas veces dadas nun plano posterior. Os obradoiros son dinámicos, diferentes cada día, e mesmo procurando nalgún momento variar de espazos (debuxo no exterior, caderno de campo...) para esti-

mular a creatividade, e promover a observación da realidade (que non sempre está entre catro paredes). Un dos obxectivos primordiais é o de dar respostas persoais a casuísticas persoais: as propias dinámicas dos cursos tratan de incidir para crear unha atmosfera envolvente, que axude a fortalecer as capacidades e autoestimas.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2010 e 2015 (15 prazas).

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

10 sesións

Do 17 ao 30 de agosto
de 10:30 a 12:00 horas





ObRadoiro de Maxia

Descrición:

Case como un xogo, de forma gradual e sen maior esforzo, o neno ou nena que aprende maxia está gañando unha enorme confianza para falar en público, unha das habilidades máis valoradas. A maxia é a mellor medicina para a timidez, case todos os magos que agora se ven moi soltos sufrían de timidez cando empezaron e coa maxia gañaron facilidade para coñecer a novas persoas; facer xogos, e case sen darse conta, desenvolveron a súa creatividade e sentido do humor.

A medida que se vai aprendendo maxia vánselle ocorrer novas formas de presentar os xogos, e de forma natural xurdirá e activará o seu lado cómico. A maxia e o humor van sempre da man. Esas habilidades que doutra forma custaría máis tempo desenvolver vanse desenvolver de forma natural ao facer xogos de maxia. O rapaz ou rapaza só ten que pensar en gozar aprendendo a facer xogos de maxia, gozar facendo maxias aos seus amigos, aprender divertíndose, nada máis, converténdose pouco a pouco nun mago ou maga que fai cousas imposibles.

Obxectivos:

O obxectivo principal do obradoiro de maxia para nenos e nenas é introducilos dun xeito lúdico no fascinante mundo da maxia e da ilusión.

A maxia é unha ferramenta fantástica para desenvolver a súa memoria, a súa lóxica, a súa coordinación, xa que traballarán coa mente e coas mans.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2004 e 2012 (10 prazas).

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

10 sesións

Do 17 ao 30 de agosto
de 12:00 a 13:30 horas



VERÁN 2022

TÁBOA DE PREZOS POR QUENDA DAS DISTINTAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DE ENSINO	PREZO
Campamentos	85,00 €
Minicampamentos (3 días)	42,00 €
Minicampamentos (5 días)	73,00 €
Hortas no verán	9,00 €
Danza Clásica <i>avanzado</i>	22,00 €
Danza Clásica <i>medio</i>	22,00 €
Danza Clásica <i>iniciación</i>	14,00 €
Danzas urbanas <i>avanzado</i>	11,00 €
Danzas urbanas <i>medio</i>	11,00 €
Danzas urbanas <i>iniciación</i>	7,00 €
Excursión Mar de Lira	172,00 €
Excursión Fragas do Eume	104,00 €
Teatro <i>avanzado</i>	13,00 €
Teatro <i>iniciación</i>	13,00 €

ACTIVIDADES DE DEPORTES	PREZO
Kaiak (5 días)	19,00 €
Surf	30,00 €
Campus Deporte (5 días)	56,00 €
Campus Deporte Encoro Fervenza	165,00 €

ACTIVIDADES DE CULTURA	PREZO
Escola de Artes Plásticas	38,00 €
Obradoiros de Teatro infantil e Xuvenil	22,00 €
Obradoiros de Olería Infantil e Xuvenil	23,00 €
Obradoiro de Scrapbooking e Encadernación Decorada	38,00 €
Obradoiro de Ilustración e Banda Deseñada	38,00 €
Obradoiro de Maxia	38,00 €

ACTIVIDADES DE VERÁN 2022

Toda a información relativa a este proceso publicárase na web municipal.

- **Do 10 ao 16 de maio:** preinscrición telemática na sede electrónica. Só persoas empadroadas e un máximo de 3 actividades.
- **Do 18 ao 19 de maio:** publicación de listas de preinscricións e achega de reclamacións a través do enderezo electrónico afabrica@oleiros.org
- **23 de maio ás 12:00 horas:** sorteo público.
- **25 de maio:** Publicación de listas definitivas na web municipal e de prazas vacantes sen lista de reserva e inscrición libre para estas prazas na sede electrónica, só para persoas empadroadas.
- **Do 31 de maio ao 6 de xuño:** pagamento e entrega de documentación.
- **A partir do 9 de xuño:** publicación de vacantes e inscrición libre para **persoas empadroadas e non empadroadas.**

A preinscrición telemática debe realizarse obrigatoriamente na web municipal www.oleiros.org, na sede electrónica (non é necesario estar rexistrado/a).

Admitirase unha única solicitude por participante e nela poderán marcarse ata un máximo de 3 actividades, indicando a orde de preferencia. Na sede electrónica a orde de preferencia virá determinada pola orde de inscrición.

Se alguén presenta máis dunha solicitude co mesmo nome a través da sede electrónica darase como válida a última presentada.

É importante gardar o número de inscrición xa que as diferentes listaxes virán relacionadas por esta numeración.

No caso de haber máis solicitantes que prazas resolverase por sorteo público o luns 23 de maio ás 12:00 h, no auditorio da Fábrica.

25 de maio: Publicación de listas definitivas na web municipal e de prazas vacantes sen lista de reserva e inscrición libre para estas prazas a través da sede electrónica.

No caso de que unha persoa resulte admitida nunha actividade e teña irmáns ou irmás solicitantes de praza na mesma actividade, e coa mesma orde de prioridade, estes últimos incorporaranse á lista de admitidos/as, sempre que o permitan as características propias de cada actividade.

As situacións de acollemento familiar, separación ou divorcio nas que os/as menores

CALENDARIO DE INSCRIPCIÓN

non consten como empadroados/as, deben ser comunicadas mediante correo electrónico durante o período de preinscripción.

Quen pretenda acollerse a algunha bonificación (Servizos Sociais, familia numerosa...) deberá acreditarlo previamente á solicitude do pagamento no enderezo electrónico afabrica@oleiros.org ou na conserxería da Fábrica.

No caso de estar admitido/a nunha actividade débese solicitar en prazo o envío por correo electrónico da documentación para formalizar a inscrición e efectuar e xustificar o pagamento, así como as instrucións no caso de querer efectuar o pagamento a través da pasarela electrónica. Informarase destas instrucións de pagamento e formalización de praza na web municipal.

Para formalizar a inscrición será imprescindible achegar por correo electrónico (ou excepcionalmente de maneira presencial) o xustificante do pagamento das actividades dentro dos correspondentes prazos e entregar a ficha de inscrición ou documentación correspondente. En caso contrario perderase o dereito da reserva.

A partir do 9 de xuño iniciarase o prazo de solicitude e inscrición libre nas prazas vacantes.

O concello de Oleiros resérvase o dereito de modificar estas datas e estes prazos, dando nese caso debida conta destas modificacións na web e redes sociais do Concello.

O concello de Oleiros resérvase o dereito de anular actividades nas que non se acadase un número suficiente de persoas participantes, ou en calquera momento en función das circunstancias excepcionais ou recomendacións sanitarias.





*Todas as actividades
organizámolas para ti desde o:*

Servizo Municipal de Educación

ensino@oleiros.org
Tel. 981 636 598

Servicio Municipal de Deportes

deportes@oleiros.org
Tel. 981 636 598

Departamento de Cultura

cultura@oleiros.org
Tel. 981 636 598

Centro de Información Xuvenil

xuventude@oleiros.org
Tel. 981 636 598



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org

